

CS Programación da produción en fabricación mecánica

Ciclo formativo de grao superior

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Planificar, programar e controlar a fabricación por mecanizado e a montaxe de bens de equipamento, partindo da documentación do proceso e das especificacións dos produtos que se fabriquen, asegurando a calidade da xestión e dos produtos, así como a supervisión dos sistemas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

En que ámbitos se traballa? En industrias transformadoras de metais relacionadas cos subsectores de construción de maquinaria e equipamento mecánico, de material e equipamento eléctrico, electrónico e óptico, e de material de transporte encadrado no sector industrial.

Que ocupacións se desempeñan? Técnico/a en mecánica. Encargado/a de instalacións de procesamento de metais. Encargado/a de operadores de máquinas para traballar metais. Encargado/a de montadores. Programador/ora de CNC. Programador/ora de sistemas automatizados en fabricación mecánica. Programador/ora da produción.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas	
1º	MP0160	Definición de procesos de mecanizado, conformación e montaxe	213	Galego
1º	MP0164	Execución de procesos de fabricación	187	Galego
1º	MP0168	Formación e orientación laboral	107	Galego
1º	MP0007	Interpretación gráfica	133	Castelán
1º	MP0162	Programación de sistemas automáticos de fabricación mecánica	160	Castelán
1º	MP0166	Verificación de produtos	160	Castelán
2º	MP0169	Empresa e iniciativa emprendedora	53	Castelán
2º	MP0161	Fabricación asistida por computador (CAM)	70	Galego
2º	MP0170	Formación en centros de traballo	384	Galego
2º	MP0002	Mecanizado por control numérico	262	Galego
2º	MP0163	Programación da produción	140	Castelán
2º	MP0167	Proxecto de fabricación de produtos mecánicos	26	Galego
2º	MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental	105	Castelán

Nota: os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

Que título se obtén? Técnico superior da produción en fabricación mecánica.